

SALDOIRA



Entra!

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA



INDICE

XUÑO 2017

- 4- Carlos Casares, Letras Galegas 2017
- 5- Cambia o canal!
- 6- Viaxe a Celanova
- 7- Viaxe a Roma
- 8- Gústanos saber de vós - Noa Feás
- 9- Club de lectura
- 10- Braga, cidade histórica
- 11- Un paseo matemático
- 12- Mediación escolar / Odaiko: puro ritmo!
- 13-16- Profesorado e alumnado do IES Martaguisela
- 17- Abran paso! Chega a robótica! / Outra vez gañadores!
- 18- Referendo sobre a LOMCE / Raquel Queizás
- 19- Leticia Costas / Ricardo Gómez
- 20- As laranxas máis laranxas de todas as laranxas / Polas terras de Rosalía
- 21- Subindo o Teide
- 22- Cando os políticos fan teatro, o teatro ten que facer política / Que a sorte vos acompañe!
- 23- Que artistas!
- 24- Unha recomendación especial
- 25- Quen é quen / Ao rico postre francés!
- 26- In memoriam. Marisa Rodríguez Álvarez / Joaquín Gómez Fuertes

Entra!

Equipo de Dinamización da Língua Galega

A nosa portada está feita de libros de aventuras, de libros científicos, de poesía, de arte, de historia, de música ou matemáticas, novelas, libros de inglés ou francés, latín ou galego, de todos os libros que queirades imaxinar, porque sempre será pouca a importancia que lle deamos á lectura no desenvolvemento dunha sociedade. O home leva deixando por escrito o seu pensamento practicamente desde o comezo mesmo da súa existencia.

Todas as palabras escritas pola humanidade, unha detrás de outra ascenderían ata perderse polo Universo. Ata a chegada da era dixital, a maioría destas palabras estaban contidas nos libros.

Se non lemos, quedamos sen saber algo bo que foi comunicado, algo tan bo que sería unha torpeza non cruzar esa porta e pechala, porque por aí aprendemos a aprender, por aí fuximos do aburrimiento e da fealdade, por aí atopamos o camiño ao coñecemento, ao entendemento da vida en todos os seus aspectos. Por aí nos humanizamos e somos tolerantes, porque comprendemos. Por aí chégase ao saber máis amplo que poden ter os seres viventes con razoamento para desenvolverse na súa existencia e, rapaces e rapazas... tamén por aí superades, ano tras ano, as materias, acadades os coñecementos e habilidades, graduádesvos e voades libres, pero coas mochilas ben provistas para poder escoller e darlle sentido á vosa vida.


Non o dubides, entra!

COORDINADORA..... Marta Cortés
REVISIÓN ORTOGRÁFICA..... Luisa Rigueira
COLABORACIÓNS..... Pilar Meléndez, Mariví Sánchez, Manuel Agra, M^a Teresa Penedo, Manuela Álvarez, Luisa Rigueira, Marcos Álvarez, Domingo Rodríguez, Alba Sotelino, Luis Rodríguez, Fernando Rodríguez, Ana M^a Neira, Eduardo Ojea, Belén Vázquez, Fernando Alonso, Noa Feás, Inés Cao, Adriana Reguera, Xurxo Nieto, Gabriela Marinova, Ainhoa Casado, Manuel Agra Sánchez, Olga Caverro, Manuel Fernández, Andrea García, Cristina Musat, Eva Piay, Belén García, Inés Gamarra, Raúl Gavela, Daniel Rodrigues.
DEBUXO PORTADA..... Esther Ramos

Carlos Casares, Letras Galegas 2017

“A miña sorpresa veu cando o profesor viu o que eu escribira e comentou que lle gustara”

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO IES MARTAGUISELA



La Voz de Galicia publicou no ano 2012 unha entrevista inédita a Carlos Casares no décimo aniversario da súa morte. As primeiras preguntas da entrevista van referidas a cal fora o primeiro contacto coa literatura, Casares menciona a escola, un profesor en concreto, un exercicio de redacción e a partir de aí todos coñecemos o resto da historia ata chegar a ser un brillante escritor ao que a Real Academia Galega decidiu dedicarlle as Letras Galegas deste 2017. Porque todos lembramos a moitos dos profesores cos que compartimos aula. A algúns, de forma positiva e con afecto e a outros pode ser que con reproches. A relación entre profesor e alumno é un vínculo inspirador que pode

orientar, reforzar e sacar o mellor de cada neno. Son moitos os profesores que son coñecedores do papel tan importante que ocupan na vida do seu alumnado e actúan desde o privilexio e a responsabilidade que supón. Canta importancia ten o rol docente na vida das persoas, docentes que ademais de ensinarnos as súas materias inflúen no noso proceso de formación como persoas. Porque detrás dun alumno brillante seguro que houbo un ou varios profesores brillantes no exercicio da súa profesión. Reproducimos a continuación un fragmento da interesante entrevista.

Ramón Loureiro
Redacción / La Voz

-Onde comeza a súa relación, como autor, coa literatura...? Quero dicir, en que momento escribe o primeiro texto no que...?

-Na escola. Sendo un rapaciño. Un profesor mandounos facer unha redacción (primeiro tivo que explicarnos en que consistía) e díxonos que escribísemos sobre algún feito que nos tivese impresionado. Así que...

-Cantos anos tería, entón?

-Dez. Uns dez anos. Daquela era un neno moi tutelado. E o feito de que pouco antes me tivesen deixado ir só ao río, a unha merenda, para min foi algo como... ¡É que era unha das primeiras veces que saía só! E aquela sensación de liberdade, o estar así, á beira do río, xogando cos outros

pequenos... A miña sorpresa veu cando o profesor viu o que eu escribira e comentou que lle gustara. «Vou ler unha redacción moi bonita», anunciou. Ademais, falou das metáforas, e dixo que non sei que, e que non sei canto. E iso foi coma se abrise un mundo novo diante de min. Ese día tomei conciencia de que se podía escribir ben ou mal.

-E cal foi o paso seguinte?

-Empezar a buscar recursos literarios. Iso fíxeno nos libros de autores como Valle-Inclán. Lía parágrafos de Valle, ou de Camba, e reescribíalos. Mercaba moitas obras da colección Austral. E enchín varios cadernos con aquelas reescrituras.



O alumnado de 2º de Bacharelato realizou unha serie de ilustracións das portadas dalgúns libros de Carlos Casares que formaron parte dun vídeo sobre a súa vida e obra. Se queredes ver o vídeo, está colgado na páxina web do centro.

Nado en Ourense –en 1941- e morto en Vigo –no ano 2002- Carlos Casares Mouriño foi un recoñecido escritor, ademais de profesor e político.

Logo de estudar Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela, en 1969 e 1970 mantén unha relación co oriente ourensán: nestes anos foi profesor do Colegio Libre Adoptado Santo Tomás de Aquino, o que logo sería Instituto de Bacharelato de Viana do Bolo. Por motivos políticos, era un convencido antifranquista, foi destituído como profesor e separado temporalmente da docencia. No ano 2004, a comunidade educativa do IES de Viana do Bolo decide darlle, como desagravio, o seu nome ao Centro vinés.

Dentro da obra literaria de Carlos Casares, destaca a narrativa. Autor de títulos tan coñecidos como *Vento*

ferido (1967), *A galiña azul* (1968), *Xoguetes pra un tempo prohibido* (1975), *Os escuros sonhos de Clío* (1979), *Ilustrísima* (1980), ou *O sol do verán* (2002). Recoñecida é a súa peza teatral, *A laranxa máis laranxa de todas as laranxas* (1973).

Carlos Casares tamén contribuíu como biógrafo e ensaísta ao coñecemento de autores como Curros, Risco, Otero ou Fole, entre outros. No ano 1972, traduciu ao galego *O principiño* de Antoine de Saint-Exupéry.

O estilo de Casares caracterízase pola clareza, sutileza, fina ironía e o afán renovador das técnicas narrativas.

Finalmente, ademais de director da Editorial Galaxia, compre dicir que Carlos Casares participou na política galega nos anos da transición e comezos da democracia: foi deputado no primeiro Parlamento Galego, en 1981.

Cambia o canal ! Contra a violencia de xénero

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO IES MARTAGUISELA



O IES Martaguisela sempre arrima o ombreiro cando de causas solidarias se trata. Este curso estivemos do lado das vítimas do día contra a violencia de xénero, sumándonos ás iniciativas que o concello tiña preparadas para ese día, o claustro de profesorado e persoal non docente puxo, en sinal de loito, a camiseta "Valdeorras en negro", e iniciativa nosa foi a proxección do vídeo musical no que participaron moitos membros da nosa comunidade educativa, todos a unha, ben cantando, ben exhibindo con firmeza consignas escritas contra estes actos violentos que sofren, como un pesadelo interminable, tantas mulleres dentro e fóra do noso país.

Pero ademais alumnado de 2º e 4º de ESO asistiu á obra "Chan-



ge the channel", un espectáculo de teatro representado integralmente en inglés. A obra foi dinámica, divertida e interactiva, subiron varios dos alumnos e alumnas ao escenario para colaborar cos actores e actrices expresándose na lingua inglesa. A obra resultou moi interesante por tratar, entre outros temas, as desigualdade entre sexos no ámbito laboral e a igualdade de xénero no mundo.

A representación foi un éxito, pois así o manifestou o noso alumnado, e esperamos que poidamos contar con esta compañía tamén o próximo curso. **Así que xa sabedes...cambíade o canal se non o fixestes xa!**

Concerto didáctico e visita a Celanova

Olga Cavero. 3º ESO B

O pasado día 19 de abril o alumnado de 3º da ESO foi a Celanova de excursión, aínda que en vez de excursión foi unha viaxe ao pasado literario e cultural de Celanova e de toda Galicia.

A saída foi desde o centro ás 8:30 da mañá. Fomos ata Celanova onde iamos ver o mosteiro e o seu espectacular órgano, pero cando chegamos había outro grupo e tivemos que esperar facendo tempo ata as once que nos tocaba a nós. Estivemos dando voltas pola fermosísima praza do casco antigo. Cando entramos ao mosteiro todo se vía precioso, todo antigo e ben conservado. Fomos á parte superior da igrexa onde estaba o oratorio e o órgano e alí a organista explicounos dunha forma moi amena a historia do órgano facéndonos unha demostración do seu son, un son que nunca antes

escoitamos, un son forte que a simple vista parece que os diferentes tons ou melodías non van soar ben pero ese son forte é o que fai que o órgano sexa un instrumento único e máxico que podería conmové a calquera. Despois da demostración todos nós sacamos as nosas frautas e tocamos xuntos as partituras que preparáramos acompañados polo marabilloso son do órgano. Cando rematamos fomos á Casa Museo de Manuel Curros Enríquez. Nela soubemos cousas sorprendentes que nin as nosas profesoras sabían. Logo volvemos ao mosteiro onde nos ensinaron a biblioteca (que agora é parte dun instituto) e unha capela mozá-rabe. Antigamente ao lado da capela facían sacrificios animais enriba dunha pedra, onde todos nós subimos a sacarnos unhas fotos.

Hoxe en día o mosteiro utilízase como instituto, oficina de turismo e oficina de policía local e antigamente na época de Franco utilizouse como cárcere, no que estivo preso Celso Emilio Ferreiro o cal sospeitamos que debe ser avó ou bisavó do noso alcalde porque son moi parecidos fisicamente. Cando terminamos de velo todo fomos ao centro comercial de Ourense Ponte Vella, alí comemos e estivemos ata as cinco e media para volver á casa e ao século XXI.

Foi unha viaxe moi divertida e dinámica na cal aprendemos moito do noso pasado cultural. Oxalá todas as excursións foran viaxes ao pasado porque nelas aprendes cousas para ser unha persoa con cultura e ao mesmo tempo pasas un bo momento coa xente que te rodea.



Viaxe a Roma

SPQR “Senatus populusque romanus”

Manuel Fernández, Andrea García, Cristina Musat, Eva Piay. 2º Bach.

Este ano, os alumnos e alumnas de 2º Bacharelato fomos a Roma! entre os días 24 e 27 de marzo. Aloxámonos nun albergue moi próximo ao centro da cidade, cerca da estación de Termini.

A primeira tarde paseamos polo centro e visitamos monumentos e prazas, como o Panteón de Agripa, que nos impresionou moito polo seu tamaño. Na *Piazza de Spagna* gozamos do primeiro *gelato*, e na *Piazza Navona* descansamos as pernas e tivemos tempo libre. Xa pola noite fomos visitar a Fontana de Trevi, que estaba to-

talmente iluminada, e pedimos os nosos desexos.

O día foi moi longo. Ademais de estar esgotados pola viaxe e de camiñar toda a tarde, perdémonos de volta ao hotel, tardamos máis dunha hora en chegar!

O segundo día fomos ao Vaticano, pola mañá ao Museo e pola tarde á *Piazza* e *Basilica* de san Pedro. Despois desta visita achegámonos a Trastevere, un barrio cun ambiente de película italiana.

O último día pola mañá visitamos a pequena igrexa onde se atopa a famosa escultura do Moisés, así como a *Piazza* do

Capitolio. Tamén fomos ao Coliseo e ao foro romano, aínda que a este último non nos deu tempo a entrar.

Pola tarde deixáronnos tempo libre e aproveitamos para volver aos lugares que máis nos gustaron estes tres días.

Sorprendeunos moito o tráfico da cidade, a ausencia de papeleiras e a inutilidade dos semáforos, aínda que a xente tanto italiana como estranxeira, non deixou de ofrecernos a súa axuda cun sorriso na cara. Da viaxe a Italia sempre recordaremos as *pizzas*, *lasagnas*, *espaguetts* e *gelatos* cos que nos enchemos ata fartar.



Gústanos saber de vós

Vídeo conferencia con Noa Feás

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO IES MARTAGUISELA



Durante este curso os alumnos e alumnas de primeiro curso de bacharelato tiveron a oportunidade de falar con Noa Feás, ex alumna do noso centro, quen atendeu a amablemente e por vídeo

conferencia todas as preguntas que lle formularon. Noa é Licenciada en Veterinaria e traballa actualmente nun programa de Doutoramento en Biomedicina investigando o cancro.

Transcribimos aquí a entrevista, e aproveitamos para darlle as grazas pola colaboración, foi un pracer Noa! Sempre, sempre nos gusta saber de vós!

1. Para comezar, gustaríanos saber que carreira estudaches e cal foi a túa traxectoria ata chegar ó teu traballo actual.

Antes de nada, fíame moita ilusión esta entrevista, xa que eu mesma como alumna do Instituto participei na elaboración da revista escolar.

Esta é unha pregunta fácil. Estudei a Licenciatura en Veterinaria, porque dende pequena me gustaban os animais e a idea de poder axudar e axudalos. Tamén tiña moita curiosidade científica, aínda que deixei a investigación nun segundo plano porque nun principio dediqueime á clínica de pequenos animais. Despois decidín continuar a miña formación e reorientei a miña vida profesional cara á investigación. Fixen un Máster en Investigación en Ciencias da Saúde e de aí pasei ó Programa de Doutoramento en Biomedicina, que é no que traballo actualmente, investigando en Cancro, grazas a unha bolsa da AECC ("Asociación Española Contra el Cáncer").

2. Que relación ten a carreira que estudaches co que estás facendo actualmente?

Pode parecer que Veterinaria ten menos relación que outras carreiras como Bioloxía ou Biotecnoloxía pero tódalas carreiras de Ciencias da Saúde teñen moitos puntos en común: o método científico, moitas materias comúns... Eu tiven Xenética, Bioestatística, Química, Bioloxía, etc. Tamén fixen moitas horas de prácticas no laboratorio. Todo isto é aplicable

ó meu traballo actual. Ademais, a Medicina Humana e a Medicina Veterinaria son moi similares polo que o salto non é tan grande como pode parecer.

3. Poderías explicarnos con detalle sobre que estás investigando? Para que vai servir ou cal é a súa aplicación práctica na nosa vida?

Resumindo un pouco, a miña investigación é no campo da Oncoloxía, nun tipo concreto de cancro de tiroides. Céntrome en mostras de pacientes cun tipo de tumores que, aínda que non son dos máis agresivos, non responden sempre todo o ben que cabería esperar ós tratamentos aplicados: presentan recorrencias, responden só parcialmente o tratamento, etc.

O de tiroides non é un dos cancros máis coñecidos ou populares e debido a isto nel traballan menos grupos de investigación que noutros tipos de cancro como o de mama ou colon.

O que pretendemos no meu grupo con este proxecto é analizar o ADN destes pacientes que están baixo un tratamento xa personalizado (polo momento o mellor do que dispoñemos) e buscamos cambios ou alteracións (mutacións) que poidan ser as causantes destas resistencias ó tratamento. Así nun futuro poderíase predicir o curso clínico dos pacientes, saber se van responder mellor ou peor o tratamento e buscar alternativas. Estas mutacións atópanse en ocasións nun número pequeno de células e poden ter pasado desapercibidas ata o momento, debido a que os tumores son moi heteroxéneos, formados por moitas células e non todas son idénticas entre si.

A aplicación do que se fai no laboratorio non sempre se traslada de forma inmediata á clínica, pero non por iso é menos urxente ou importante a súa realización. Hai que entender que todos estes estudos levan moito tempo, unha tese require uns 3-4 anos de dedicación exclusiva, pero canto antes empezemos a facelos antes teremos resultados de aplicabilidade na vida diaria.

4. Cantas horas lle dedicas a esta tarefa? Parécenche suficientes?

Esta é unha pregunta que me chama a atención. Non quero desanimar a ningún coa miña resposta - sorrí -. O certo é que todo na vida require traballo e esforzo e no campo da Investigación Biomédica non ía ser menos. Nos días "tranquilos" intento facer xornadas de oito horas pero hai épocas nas que o prazos de entrega e outras obrigacións esixen

maior dedicación, non só no laboratorio senón tamén escribindo informes, lendo bibliografía, etc.

Por outro lado, en ciencia nunca se acaba, sempre podes seguir facendo probas, confirmando resultados, aparecen novas preguntas que responder... Por iso o límite debe poñelo un mesmo, xa que o descanso tamén é importante para ter un equilibrio.

5. Como é un día típico de traballo como investigadora?

Un día típico de traballo pode ser entrar no laboratorio ás 8-8:30, poñer en marcha un experimento: extraer ADN, facer PCRs, cribado de mutacións, etc. (todas esas cousas que facemos no laboratorio) - ríri -. As veces a pausa para comer permíteme ir á casa ou ben comer no centro de traballo. Cando remata o experimento anoto os resultados, recollo o material e levo un rexistro no caderno de laboratorio de todo o que fago. A maioría dos días preciso tamén de ler: protocolos, artigos científicos... e escribir. Tamén invisto moito tempo en formación: cursos, seminarios, asistencia a congresos, etc.

É un traballo no que nunca te aburres e sempre aparecen novos retos que resolver.

6. Contas con todos os recursos necesarios para desenvolver plenamente o teu traballo?

O tema dos recursos é máis complexo do que parece. Non sempre tes á túa disposición ó mellor do mercado. Os prezos dos equipos e material son elevados e o financiamento non está no seu mellor momento. Parte dos retos que teño que afrontar é facer o meu traballo o mellor posible cos recursos dos que dispoñemos. Hai que ser resolutivo e creativo. Tamén existe a opción de colaborar con outros grupos que dispoñan de equipos ou recursos diferentes ós propios. Isto é bastante habitual en ciencia, establecer colaboracións que sempre son enriquecedoras.

7. Cres que se está a investir o suficiente en investigación en España? Por que cres que isto sucede?

Tal como vos dicía, non hai suficiente financiamento. No meu caso, por exemplo, a miña beca cobre o meu contrato pero non cobre os gastos en reactivos, materiais, equipamento... Todo iso debe proceder de Proxectos que na maioría dos casos son financiados con diñeiro público e cada vez hai menos. A concorrencia competitiva coa que se resollen

estas convocatorias está ben no sentido de que permite elixir os proxectos de maior calidade pero, aínda así, moitos de calidade alta quedan sen financiar.

Non sei cal é a razón pola que isto sucede. Creo que, en xeral, a sociedade está concienciada de que é preciso aumentar o investimento en investigación, sobre todo cando se trata de enfermidades coma o cancro. De feito nas campañas que se fan para recadar fondos para Investigación Oncolóxica a xente responde de maneira solidaria e xenerosa. Pero creo que a nivel das Administracións ven-se estas inversións como algo que non ten un resultado inmediato, os resultados son máis a longo prazo, e acábase dando prioridade a outros aspectos máis visibles e inmediatos.

8. Cres que un país debería ser pioneiro en investigación e desenvolvemento?

Definitivamente si, un país que investiga é un país que avanza. O final, ese diñeiro investido en investigación afórrase por outro lado. En Biomedicina, por exemplo, tradúcese en menos enfermos, menor gasto sanitario e, o máis importante, en mellor calidade de vida. Hai enfermidades para as que non se coñecía a cura ou o mellor tratamento e grazas a investigación hoxe en día son tratables.

9. Cal é a túa perspectiva laboral a curto-medio prazo?

De momento estou no ecuador da miña tese de doutoramento, así que rematar o estudo e presentar os resultados. Despois xa se verá - ri -. Hai moitos camiños que se poden tomar aínda que ningún estea asegurado. Por desgraza, a alta for-



mación non sempre asegura un posto de traballo ou mellor remuneración, pero si que abre portas. Unha das opcións que valoro e continuar en Investigación con estudos pos-doutoramento. En moitas ocasións isto implica saír a outros países, ben por iniciativa propia, ben porque como comentei non sempre hai financiamento no propio país.

10. Que consellos lles darías ós estudantes universitarios que estean pensando en dedicarse á Investigación?

Consellos poderían ser moitos... pero, sobre todo, que non descoïden a formación. Eu botei un pouco en falta maior formación en Informática e Novas Tecnoloxías, na actualidade todo avanza moi rápido e hai que estar ó día. Os idiomas tamén son moi importantes. Estas disciplinas, aínda que non estean directamente relacionadas coa Biomedicina, son ferramentas imprescindibles para poder investigar.

Hoxe en día un investigador debe ter un

amplio espectro de coñecementos e habilidades, hai que ser capaz de deseñar o teu estudo, realizar os experimentos con destreza, ler artigos en inglés, analizar os datos con programas informáticos, comunicar a túa ciencia falando en público de maneira atractiva e didáctica... A formación dun científico debe ser moi interdisciplinaria. Entran en xogo aspectos de Pedagogía, Educación Artística, Intelixencia Emocional, etc.

Por outra banda, creo que o máis importante é gozar do que se fai. Pásalo ben en cada etapa. A época universitaria foi unha das mellores experiencias da miña vida. Hai que ter entusiasmo, motivación e paciencia, sobre todo moita paciencia, porque as cousas non sempre saen á primeira e hai que ser capaces de perseverar e non desanimarse.

Noa participou con esta entrevista por vídeo conferencia no 1º Concurso de divulgación científica da Asociación Española Contra o Cancro obtendo o primeiro premio. Parabéns Noa! Canto nos alegamos.

Club de lectura do IES Martaguisela

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Dicía Borges que o verbo ler, como o verbo amar e o verbo soñar, non soporta o "modo imperativo". Sempre aconsellou aos seus estudantes que se un libro os aburre que o deixen; que non o lean porque é famoso, que non lean un libro porque é moderno, que non lean un libro porque é antigo. A lectura debe ser una das formas de felicidade e non se pode obrigar a ningún a ser feliz. Esa busca da felicidade podería estar na base das xuntan-

zas do noso clubs de lectura con xente ben disposta a compartir cos demais as súas inquedanzas culturais.

En primeiro lugar, queremos agradecer moi especialmente ao alumnado (Eva, Manuel, Andrea e Gisselle) que este ano rematan a súa andadura no noso centro por facernos moi fácil e agradable o compartir con eles momentos moi felices falando dos libros escollidos e tamén sobre outros temas relacionados con eles.

Se este traballo dá moitas satisfaccións, o poder gozar de momentos como estes non podería ser superado por ningunha outra profesión.

Tamén hai que agradecer ao grupo de adultos entre os que se encontra xente de ocupacións moi diferentes a súa cita mensual para compartir as gratas (e ás veces non tan gratas, xa que a lectura tamén nos move por dentro) impresións sobre libros de temática moi diversa.

Esperamos seguir agardando as reunións do luns co mesmo interese e que máis persoas se unan á nosa agradable empresa nun tempo no que parece que pasar hora media sen mirar unha pantalla é un reto difícil de conseguir.



Braga, cidade histórica

Ainhoa Casado e Gabriela Marinova .1º Bach. B



Os días 26 e 27 de maio o alumnado de 1º e 2º de bacharelato (incluídos os do nocturno) das clases de latín e portugués, realizamos unha excursión a Braga, a terceira cidade máis grande de Portugal. As profesoras encargadas de vir con nós foron Alba (Latín) e Mariví (Portugués).

Nestes dous días visitamos o que fora a casa de campo dun intelectual portugués do século XIX que sentou as bases da arqueoloxía no seu país: Francisco Martins Sarmiento. Nesta casa que fora a súa residencia e agora é un museo, vimos un vídeo como introdución á visita do castro de Briteiros. No museo había pezas atopadas no castro, fotografías dos seus amigos e familiares e libros e documentos.

Xa na cidade de Braga visitamos os restos dunha *domus* romana e dunhas ter-

mas. No recinto destas, por mor da festa romana que se estaba a celebrar durante eses días na cidade, había xente practicando xogos romanos, facéndose masaxes, había cabalos e outros animais... Visitamos o centro histórico da cidade, cheo de postos vendendo comida, bebida, xoias: unha representación dun mercado romano onde se levaban a cabo actuacións varias e se representaba perfectamente a vestimenta e os costumes romanos. Á noite asistimos a un desfile romano, igual que todos os habitantes de Braga!

Ao día seguinte tivemos unha visita guiada no museo arqueolóxico da cidade, vimos unha fonte de orixe prerromana, subimos ao santuario do Bom Jesus (nun elevador) e, por último, visitamos o castro de Briteiros (que non puideramos visitar

o día anterior porque chovía a cachón), onde as profesoras explicaron como era unha vila castrexa.

Aloxámonos nun hotel, situado no centro, no que nos cuartos as ventás non se podían abrir totalmente xa que había un cable de seguridade para que a xente non se suicidase.

Algúns dos alumnos no último día déronse conta de que algunha xente non os miraba moi ben por ser "guiris".

Outra xente tiña a consideración de falar máis lento para que os entenderamos, non obstante o idioma non era moi difícil de entender, o que fixo a comunicación fácil e práctica.

Aínda que o tempo nun axudou moito, a excursión foi un éxito xa que aparte de educativa foi divertida e lembrarémola con moito agarimo.



O traballo de Charo, a conserxe, ten premio! Así de fermoso loce o pequeno xardín que estivo a preparar. Dámoslle as grazas, ben sabemos o importante que é sumar esforzos, cada día e para todo.

Un paseo matemático

Pilar Meléndez e Domingo Rodríguez, profesores de Matemáticas

O pasado xoves 16 de marzo 69 alumnos de ESO e Bacharelato do IES Mar-taguisela participaron no XXIV Concurso do Canguro Matemático Europeo 2017, celebrado a partir das 16:30 horas no Salón de actos do Centro. Este ano, por primeira vez, acompañáronnos 11 alumnos do CPI Tomás Terrón Mendaña de Sobradelo. O que se busca con esta actividade é divertirse resolvendo cuestións matemáticas, e que cada alumno, a través das matemáticas, se enfrente a un reto consigo mesmo.

Aí vai un reto: "A pesar de que levo chamando ao meu amigo Roberto máis dun ano, nunca me acordo nin do seu móbil nin do seu teléfono fixo. Debe de ser porque ambos teñen todas as cifras do 1 ao 9. El sempre me di que son moi fáciles porque recordando as tres últimas cifras sería suficiente, xa que as tres centrais son o dobre destas e as tres primeiras son o triplo, ademais de saber que un número de móbil empeza por 6 e o dun fixo por 9. Axúdame a recordar os números."

Sabías que...?

en calquera idioma, a palabra máis usada utilízase o dobre de veces que a seguinte; a terceira palabra, a metade da segunda, e así sucesivamente? En castelán, as palabras máis utilizadas son y, de e que, por esa orde (Lei de Zipf).

Estas e outras relacións das matemáticas coa vida cotiá explicáronse, durante 50 minutos, na sesión de vídeo streaming o xoves 17 de novembro desde o Parque Tecnolóxico de Galicia. Cun enfoque eminentemente lúdico, os

alumnos de 1º e 4º de ESO descubriron nesta actividade os vínculos das matemáticas coa percepción da beleza, a base dos xogos de azar, a súa importancia na procura do amor ou a imposibilidade de dobrar infinitamente un papel.

A RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS: UNHA OPORTUNIDADE PARA APRENDER

"Resolver un problema é atopar un camiño alí onde non se coñecía previamente camiño algún, atopar o xeito de saír dunha dificultade, de sortear un obstáculo, acadar o fin desexado, que non se acada de xeito inmediato, utilizando os medios axeitados".

George Polya.

O xoves 27 de abril de 2017, desprazáronse a Ourense 5 alumnas e un alumno de 2º da ESO para participar na fase de zona da XIX edición da Olimpíada Matemática Galega de 2º da ESO. Seis persoas sen medo a enfrontarse, de xeito individual, a 5 problemas de matemáticas, pero diferentes aos que facemos habitualmente na aula, e que debían resolver do xeito máis orixinal posible. Foi unha experiencia moi positiva, na que traballaron con ilusión, perseveranza e sen medo a equivocarse, aplicaron ideas propias, e estratexias de resolución de problemas moi interesantes, na procura das súas solucións. Grazas e parabéns pola vosa actitude.



Resolver problemas non é doado pero debes perder o medo a enfrontarte aos problemas; só así poderás resolvelos.

Resolvendo problemas, non importa de que tipo: lúdicos, teóricos, prácticos, académicos ... ademais da satisfacción persoal que experimentarás ó ser capaz de resolvelos, aprenderás a ser paciente e perseverante, a ser curioso e crítico, a ser capaz de ver os problemas dende distintos puntos de vista para escoller o camiño máis axeitado e saber rectificar se escolles un camiño equivocado, a non renderte cando un problema é complicado rompendo este en pequenos problemas, ás veces hai que dar un paso atrás para podar retomar o camiño, a aprender dos teus erros e confiar en ti mesmo (se cres que podes tes boa parte do camiño andado) e, a ser intuitivo e contrastar as túas intuicións.


Os problemas están aí para que os resolvamos.

Enfrontarse a un problema sempre é unha oportunidade para aprender: ¡Non a desaproveites!

Proba cos seguintes retos. Ti podes!

1.- A un exame presentáronse 19 persoas. Aprobaron tódolos valdeorreses que representan o 10% dos aprobados. Cantos aprobaron? e cantos eran valdeorreses?

2.- A área do cadrado grande é 36 m². Calcula a área do cadrado pequeno sen calcular o lado de ningún cadrado.



3.- Unindo vértices


É un xogo para dúas persoas.

Material: O material é unha folla de papel cuadriculado, de cadrados grandes, sobre a que se marcan 36 puntos e dous rotuladores de distinta cor, un para cada xogador.

Obxectivo: O obxectivo do xogo é formar o máximo número de cadrados, unindo vértices contiguos da cuadrícula.

Regras do xogo:

- Sortéase o xogador que comeza a xogar.
- Cada xogador, por quenda, une dous vértices consecutivos da cuadrícula mediante un segmento, en horizontal ou vertical, pero nunca en diagonal.
- Un xogador atribúese un cadrado cando traza o cuarto lado. Neste caso, escribe a inicial do seu nome dentro do cadrado.
- Sempre que un xogador forma un cadrado, ten dereito a realizar unha xogada máis.
- Gaña o xogador que forma máis cadrados.



Mediación escolar: contamos contigo

Ana María Neira, orientadora do IES Martaguisela



A mediación escolar é unha estratexia para resolver conflitos de convivencia no entorno educativo, de xeito pacífico e satisfacendo o máis posible ás persoas que están involucradas nel.

Pero, que é un conflito? Pódese definir como un situación de desacordo entre dúas ou máis persoas porque a satisfacción das necesidades e intereses dunha(s) se percibe como incompatible coa satisfacción das necesidades e intereses da(s) outra(s) persoa(s). Deste xeito, semella que unhas persoas han de

perder para que outras gañen. Este conflito pódese manifestar de xeito violento, pero non sempre ocorre.

Como vedes, subliñamos "percíbese" e "semella" porque sempre é posible atopar unha solución que non implique a humillación ou derrota de ningunha persoa. E aquí é onde entra en xogo a mediación.

Así, a mediación, neste caso a escolar, é un proceso en que as persoas en conflito, coa axuda dun mediador ou mediadora, se escoitan, falan e se comprometen a unha solución que satisfaga a ambas. A persoa mediadora non propón solucións e mantense sempre na imparcialidade. As persoas que interveñen na mediación fano de xeito voluntario e gardando o segredo

sobre o caso. Vemos entón que a mediación achega vantaxes ao centro educativo, pois contribúe á resolución de conflitos e a crear un bo clima de convivencia. Pero que lle aporta ás persoas mediadoras?

a) Dótaas de ferramentas para resolver conflitos que poderá usar toda a súa vida, nas relacións laborais, persoais, familiares....

b) É unha tarefa que implica interacción social pois vai formar un equipo de mediación no centro, en que haberá alumnado e profesorado.

c) A formación implica actividades de convivencia e lecer que tamén son divertidas.

d) Axudar a outras persoas xera emocións e sentimentos moi positivos(autoconfianza, alegría, pertenza ao grupo, fai-

te sentir útil e importante..)e incrementa a autoestima.

Que se necesita para mediar nun conflito? Non se precisan calidades extraordinarias: interese por este labor, disposición a aprender e destinar parte da enerxía mental ao traballo de mediación, capacidade de comprometerse nun proxecto para o centro...

As persoas interesadas en participar pódense dirixir á orientadora directamente ou facer a comunicación a través do profesorado titor.

Lembrede: non penseades só no que o instituto pode facer por vós , senón tamén o que vos podeades facer por el , isto é, por todos e todas os que convivimos nel.

CONTAMOS CONVOSCO, CONTAMOS CONTIGO.

Odaiko: puro ritmo!

O alumnado de 3º ESO asistiu ao concerto deste grupo galego e galegofalante que consistiu na exploración da música tradicional multiétnica, na súa variante percusiva, faceta pouco traballada pola dificultade que supón a diversidade técnico musical. Nos seus espectáculos hai instrumentos de orixe oriental (odaikos, gongs, táboas) africanos (djembé, sabar, dum-dum) latinoamericanos (congas, bongos, maracas, caixón), e instrumentos de creación posterior como a marimba, vibráfono ou batería, combinados con instrumentos da música popular galega

(bombo, cunchas, tamboril, pandeiro e pandeireta, tarrañolas...) Acompañados por un narrador en off, Odaiko propúxonos unha divertida posta en escena en directo, percorrendo as etapas da Historia da Música, chea de ritmos e sonoridades da percusión moderna, combinada coa tradicional, onde a imaxinación, a creatividade e a curiosidade polas distintas manifestacións artísticas foron os puntos clave.

Que volvan ao Barco moitas veces máis!











Abran paso! Chega a robótica!

Fernando Rodríguez e Luis Rodríguez, profesores de Tecnoloxía

Nin tanto nin tantiño, a robótica desde o punto de vista industrial chegou hai algúns anos, exemplos hai moitos, na factoría de Citroen de Vigo hai máis de 5000 robots instalados, fundamentalmente na zona de soldadura, outro exemplo son os robots utilizados pola policía especializada para desactivar artefactos explosivos, robots submarinos, os semáforos LED, son controlados por un robot...

O que si chegou foi a robótica aos centros educativos, e tamén, en xeral á sociedade xa que calquera dun xeito intuitivo, pode programar unha placa, que representa "o cerebro" do robot, é dicir, o que decide, segundo o programado, como interpreta a lectura dos sensores (dispositivos que detectan variables físicas como a distancia, a temperatura, velocidade, posición, humidade e outras), cales son as ordes a transmitir aos circuitos eléctricos, pneumáticos ou sistemas mecánicos.

A chegada masiva da robótica débese, entre outros factores, ao desenvolvemento de:

1).-Placas que se programan, das cales a máis popular é o Arduino, que costa uns 25 euros e que permite a iniciación á robótica. E por outro lado, a aparición de contornos gráficos de programación que sim-


plifican o sempre delicado labor de programar, o primeiro foi o Scratch elaborado polo MIT (Instituto Tecnolóxico de Masachussets), pensado para nenos de entre 8 e 10 anos. Para enlazar Arduino e programa xurdiron o S4A (Scratch for Arduino) e outros como o Visualino, que permiten programar de forma intuitiva e despois trasladalo á placa.

2).-A caducidade dalgunhas patentes, por exemplo, as impresoras 3D están patentadas desde hai máis de 30 anos, a caducidade da patente foi o que permitiu o lanzamento masivo, a prezos relativamente baixos das impresoras 3D, que está gobernado por unha placa Arduino. As impresoras 3D para fabricar próteses alcanzan prezos de 700000 euros. En Ourense hai instaladas dúas destas.

A robótica ten un amplo espectro laboral, xa que engloba practicamente todas as enxeñerías: electrónica, mecánica, pneumática, pero tamén a base de todas as enxeñerías: as Matemáticas (Programación) e a Física xa que as enxeñerías parten de fenómenos físicos coñecidos e se expresan con linguaxe matemática. O robot, entendido como humanoide está algo máis lonxe, pero xa existen prototipos que se acercan a esa idea.




Pezas de xadrez, (elaboradas coa impresora 3D) para o Campión do torneo deste ano



Impresora 3D



Robots programables coa linguaxe de programación Arduino



Placa Arduino



Pezas de xadrez (feitas coa impresora 3 D) para o campión do torneo deste ano

Outra vez gañadores!

Belén García e Inés Gamarra. 2º ESO A. Departamento de Bioloxía

Había que pensar en algo orixinal para o concurso das Xornadas Micolóxicas de Ponferrada, organizada pola Asociación Micolóxica Berciana Cantharellus e ocorréusenos facer unhas camisetas moi especiais. Como era en Ponferrada xogamos coa palabra cogomelo en castelán, de xeito que quedaba moi gracioso: "Cami-setas". Cada un de nós tiña que facer a súa propia camiseta, utilizando pinturas acrílicas, follas... Podía facerse en grupo ou en parellas. No noso instituto algúns profesores colleron

cogomelos e expuxéronas na entrada do centro. Explicáronnos un pouco deles e cada un dos alumnos e alumnas tiña que coller ideas para facer a súa "cami-seta". Na exposición de Ponferrada déronnos unha charla moi interesante e ensináronnos traballos doutros nenos e nenas. Aprendemos moitas cousas dos cogomelos e a importancia que teñen no medio natural, ensináronnos unha que non se pode comer, é velenosa! Gustounos moito a experiencia e esperamos poder repetir.



Referendo sobre a LOMCE

Manuel Agra Sánchez. 2º Bach.

O día 20 de outubro celebrouse no noso instituto, así coma noutros centros de toda Galiza, un referendo convocado polo sindicato Erguer Estudiantes da Galiza co fin de comprobar o apoio que tiña, entre o colectivo dos/das estudantes, a nova lei de educación, a coñecida como LOMCE. Cuxa implantación suporía un severo retroceso na calidade do ensino.


O referendo, realizado só durante o recreo, concluíu no noso instituto con 140 votos en contra da LOMCE e ningún a favor.

Mentres que no resto da Galiza os resultados foron do 99% de votos en contra da lei, nun total de 5000 estudantes que acudiron á consulta.

Estes resultados amosan o escaso apoio que posúe a devandita lei entre o alumnado así como o carácter antidemocrático da súa implantación, que a día de hoxe se atopa paralizada grazas, en gran medida, á acción dos/das estudantes ao longo deste curso.



Raquel Queizás



A actriz Raquel Queizás xa nos ten afeitos ao seu divertido espectáculo de misterio, pero desta superouse cos seus relatos en "Caso Cerrado". Prestoulle moito ao alumnado de 1º e 2º da ESO atender á terrorífica trama ata esclarecer o caso. Emocionante!

Ledicia Costas no IES Martaguisela

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO IES MARTAGUISELA

Por segundo ano consecutivo, tivemos a sorte de ter entre nós a escritora Ledicia Costas. Sen dúbida, unha das escritoras en galego de maior éxito do momento. Nada en Vigo en 1979 e licenciada en Dereito pola Universidade de Vigo, Ledicia Costas publicou a súa primeira novela, *Unha estrela no vento*, no ano 1999. Obra que lemos este curso os de 3º de ESO, ademais de *O corazón de Xúpiter*. Por outro lado, os alumnos e alumnas de 1º de ESO leron *Esmeraldina, a pequena defunta*. Nestas obras estivo centrada a charla de Ledicia.

Entre os premios que recibiu a autora que nos visitou está o Premio Nacional de Literatura Infantil e Juvenil no ano

2015 por *Escarlatina, a cocinadeira defunta*.

Ledicia defínese a si mesma como “avogada a tempo parcial e poeta a tempo completo. E nas horas libres escribo novela, que é a miña verdadeira paixón”.

Esta paixón da que fala a autora é a que amosou na súa charla, primeiro co alumnado de 3º de ESO e a continuación co de 1º de ESO. As intervencións de Ledicia sempre son moi amenas e entretidas, por iso os oíntes sempre quedan engaiolados coas súas palabras. Partindo da proxección



dun vídeo, a autora foi explicando a xénesese das súas obras. Como estas conectan moi ben cos seus lectores, esperamos volver escoitar a Ledicia outro ano no IES Martaguisela!

Visita de Ricardo Gómez

Alumnado de 2º ESO



O día 24 de xaneiro visitounos o escritor Ricardo Gómez para falarnos do seu libro *Diario en un campo de barro*.

Un libro moi interesante que fala de cousas que están a pasar na realidade actual, en distintas partes do mundo. Nós, os que vivimos ben, sen guerras, desastres naturais, etc, intentamos evitar esas noticias tristes que escoitamos continuamente na televisión, na radio, nos xornais, e non sabemos realmente o que é sufrir esa situación. O libro reflexa moi ben esa realidade


que tanto nos asusta. Aínda que, á parte de sucesos tristes, tamén hai momentos para a felicidade e a tenrura.

Ricardo Gómez relatounos de maneira moi entretida como se inspirou, como se puido meter no corpo de Nushi, a súa protagonista, á hora de escribir, os sentimentos que afloraron nel durante a súa xestión e a mensaxe final que nos quería transmitir a nós, os lectores.



“As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas”

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO IES MARTAGUISELA



Como todos os anos os centros educativos públicos do Barco de Valdeorras e de Rubiá, este ano tamén da Rúa, xuntamos esforzos para organizar actividades co gallo da Semana das Letras Galegas. E, tamén, unha vez máis contamos coa axuda da AEVA (Asociación de Empresarios

dos colexios e institutos participantes elaboraron nunha esfera grande de porrexpan unha laranxa para homenaxear ao autor Carlos Casares que en 1973 publicou a peza teatral *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* para o público



Valdeorreses) para conseguir así a maior difusión das nosas iniciativas.

A proposta deste ano tiño dúas vertentes:

Conseguimos a **participación de toda a vila** organizando un itinerario literario a modo de xincana que implicou aos establecementos comerciais.

Os nenos e as nenas infantíl e xuvenil. As laranxas pola súa cor, polo seu aroma, polo seu sabor e polas súas propiedades parecéronos unha imaxe moi apropiada para promover a lingua galega. As nosas laranxas pretenden ser un aporte vitamínico á lingua galega. En cada laranxa ía

o título dunha obra de calquera xénero de diversos autores e autoras da Literatura galega e entre eles, loxicamente, os títulos de Carlos Casares.

AEVA proporcionou nas tendas participantes uns folletos nos que, ademais doutra información pertinente sobre a actividade, ofreceu un listado dos títulos de cada escaparate cun espazo para colocar o selo do local correspondente no que se podían ler ditos títulos. Daba gusto ver aos rapaces e rapazas percorrendo as tendas na busca das laranxas coas verdadeiras obras de Casares! Entre todos os participantes que completen o percorrido farase un sorteo no que será escollido o gañador ou gañadora. O premio entregarase nun acto na sede de AEVA no que participarán todos os centros de ensino público.

Pero tamén esta actividade foi pensada **para o alumnado dos centros de ensino público** (O Barco de Valdeorras e de Rubiá) No noso centro foron os alumnos de 1º de ESO, coordinados pola profesora Rosario Varela, os encargados de confeccionar as laranxas dos escaparates, portadoras de títulos e tamén as que decoraron, nun tendal xigante, o Paseo do Malecón.

Obxectivo cumprido! As nosas laranxas, tanto nos escaparates como nun recuncho do Paseo do Malecón, que lucía coma nunca, permitiron que toda a cidadanía gozase da obra de Carlos Casares, resaltando, ao mesmo tempo **a vitalidade do galego!**

Polas terras de Rosalía de Castro

Xurxo Nieto. 4º B



Erguémonos cedo nun día de brétema para coller o autobús, que cruzando toda Galiza levaríanos a Padrón, a terra de Rosalía. Unha vez alí dirixímonos á súa casa. Esperábanos na entrada unha señora, que nos fixo de guía e contounos a vida da escritora e todos os segredos da casa. Un detalle moi fermoso pareceume unha rosa sobre a súa cama que cambiaban todos os días por outra rosa fresca! Despois de todas as explicacións, deixáronos tempo libre e andamos por toda a casa e polo bonito

xardín ata que rematou a visita.

Xa era a hora de xantar e dirixímonos ó centro comercial Marineda City de Coruña, xantamos e paseamos, vimos tendas...

Aínda nos quedaba visitar o centro de Coruña, alí achegámonos a unha exposición de pintura e máis tarde, despois dun paseo polas principais rúas da cidade e a praza de María Pita rematamos a visita no edificio da Real Academia da lingua galega que puxo fin a esta excursión.

Subindo o Teide. Tenerife 2017.

Excursión 4º ESO

Marcos Álvarez , profesor Educación Física



Sáímos o mércores 29 de marzo, ao amencer, cara Santiago de Compostela e chegamos a Tenerife o xoves pola tarde, acomodámonos no hotel onde casualmente tamén se hospedaba Pedro Sánchez, os alumnos e alumnas fixeron moitas fotos con el.

O xoves foi o día do Loroparque, con espectáculos de animais impresionantes, pasárono moi ben vendo as candorcas, golfiños e pingüín emperador.

O Xian park é o parque acuático máis grande de Europa e un dos máis grandes do mundo, compre ben o día para aproveitar as atraccións,tivemos a sorte ademais, de que non había as habituais colas que te desesperan nestes sitios.

Para o sábado tiñamos reservada a visita ao Teide, achegámonos á plataforma en autobús público, e unha vez alí collemos o teleférico. Alí estábamos! a 3555 metros, a só 163 metros da cima. Pero non

ía ser todo tan sinxelo, había que facer perna, así que subimos polo sendeiro, media hora de trekking ata a cima. Xa máis descansados coa baixada, fixemos outra andaina polos sendeiros de lava volcánica característica da base do Teide.

Todo chega ao seu fin, así que tocou ma-drugar o domingo 2 de abril para volver ao Barco, cansos, pero con moitas anécdotas para o recordo.

E falando de anécdotas, Daniel Rodríguez e Raúl Gavela (4º ESO B) quixeron contarnos as súas:

"Todo comezou ás 2 da mañá cando collemos o bus, pero antes recordamos por mensaxes entre nós que non debiamos esquecer o DNI, porque se non quedabamos en terra. Cando entramos no bus creo que a gran maioría xa estaba a durmir incluíndonos a Dani e a min. Despois dunha longa viaxe chegamos ao aeroporto, levabamos todos unhas caras de sono increíbles! Cando estábamos no aeroporto un dos profesores quedou durmido nos bancos do aeroporto a verdade é que é mellor non opinar desa imaxe porque era bastante graciosa! E chegaron os problemas coas maletas, a miña maleta non tiña as medidas exactas e non sabería se tería as medidas regulamentarias. Foron momentos de moita incerteza porque non sabía se tería que facturar a maleta ou non. A maleta de Marcos pesaba máis dos 10 quilos! notábase á primeira ollada, pero finalmente pasamos sen que nos dixesen nada.

Bo, unha das anécdotas máis graciosas da excursión foi que cando chegamos ao hotel deixamos as nosas maletas e dixéronnos que podíamos ir dar unha volta por alí para ir coñecendo, Raúl e eu buscamos un supermercado para ir comprar algo para comer e beber, demos varias voltas por alí e non vimos nada, decidimos preguntarlle a dúas mozas que resultaron ser inglesas. Elas explicáronnolo en inglés pero nós non nos decatamos de moito e acabamos perdéndonos outra vez ata que preguntamos de novo a outra moza, esta vez si entendemos onde había un supermercado e finalmente acabamos por atopalo".



“Cando os políticos fan teatro, o teatro ten que facer política”

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO IES MARTAGUISELA



O 27 de maio milleiros de persoas, chegadas de todas partes do país, pedían salarios dignos e a fin dos desaloxos. As Marchas pola Dignidade volvían a concentrarse na capital como cada ano, desde 2014. Baixo o lema “Pan, traballo, teito e dignidade” marchaban os manifestantes polo centro da capital.

A crise comezou en 2007 e a precariedade, a pobreza e a desigualdade van en aumento.

Este curso o IES Martaguisela faise eco destas noticias desalentadoras e quere amosar a súa solidariedade facendo visible e concienciando dos graves problemas que nos afectan, en especial os inxustos desaloxos que non poden deixar indiferente a ninguén e quen mellor que o teatro para denunciar? *porque cando os políticos fan teatro o teatro ten que facer política.*

Por unha banda o grupo de teatro do IES Martaguisela interpretará no Teatro Lauro Olmo e para toda a cidadanía barquense, unha obra titulada “Proles e contras”, unha versión ao galego da obra homónima de Tahiche Rodríguez, que trae a escena a traxedia dun home que perde o seu traballo. Abandonado pola sociedade e invisible para os seus

semellantes dirímese entre rematar coa súa penosa existencia ou resistir a unha vida sen dignidade e sen esperar axuda de ninguén.

A segunda actividade, partiu da profesora de Economía Clara Vizcaya que viu neste proxecto unha boa ferramenta para explicar algunhas das claves da crise que nos azouta.


Tanto o alumnado que forma parte do elenco, como a profesora implicáronse deseguida, e a mellor maneira foi dando voz aos seus principais protagonistas facendo unha versión teatral ao galego dalgúns capítulos do libro “Maldita crisis” de Vicente Fernández.

“Unha serie de entrevistas imposibles, charlas imaxinarias con entes abstractos que por primeira vez diríxense ao público. Unhas entrevistas ficticias que combinan a información rigorosa coa fantasía e o humor negro. A causa desta decisión? Xa que non podemos solucionar a crise, tentemos polo menos rirnos dela durante un intre. É o único que nos queda e polo que aínda non nos cobran. Aínda que, visto o visto, todo se andará”- Di o seu autor.

Esta representación terá lugar no salón de actos do centro a final de curso. Grazas teatro, outra vez máis!

Que a sorte vos acompañe!

Claustro de Profesores



Foron, para vós, estes días, alumnos e alumnas de 2º de Bacharelato, as derradeiras xornadas de clase e intenso estudo.

Remata aquí o esforzo e dedicación duns anos cos seus contratemplos, dificultades e como non, boas lembranzas.

A partir de agora toca andar por outros camiños, empezar empresa nova, comezar o que agardamos sexa unha etapa abundosa en entrega e traballo, que os éxitos virán, logo, de seu.

Parabéns aos graduados e non fai falta dicir que os que aquí quedamos sentímonos felices coa vosa felicidade.

Que artistas!


Departamento de Tecnoloxía

É posible facer unha maqueta da Torre Eiffel con tubiños de papel? Pois os alumnos de 2º ESO A, cos seus profesores de Tecnoloxía, puxéronse mans á obra facendo e pegando unha morea de tubos meticu-

losamente colocados despois! O resultado? xulgade vós mesmos. Nas fotos pode- des ver algúns momentos do proceso.

Pero non quedou aí a cousa! Os mesmos alumnos de 2º ESO A xunto coa súa

profesora de francés, Teresa Penedo, buscaron información sobre a construción desta impresionante torre. Os datos máis relevantes axudaron a decorar e informar da nosa Torre Eiffel! Magnifique!



Unha recomendación especial

Manuel Agra, profesor de Lingua e Literatura Galega

Queremos recomendar en especial a lectura para o verán de dous libros distintos, unha novela e un libro de poemas, pero que directa ou indirectamente teñen relación coa nosa comarca.

Hai poucos meses que **Antonio Castro Voces e David Daniel Vázquez Álvarez** veñen de presentar **Correxais. No berce da cultura cara á liberdade**. Editada por Finisterrae Ediciones, o libro é unha novela centrada arredor do convento de Correxais. Na época máis esplendorosa do convento produciuse a invasión francesa e tamén é o tempo do abade Ruíz de Padrón. No libro, como novela que é, hai ficción, pero tamén nos permite coñecer máis da historia de Valdeorras. Por iso o recomendamos aquí.

O segundo libro que queremos recomendar é **Plutón** de **Paulo Conde Ferro**. Editado tamén por Finisterrae Ediciones, o volume contén trinta e cinco poemas que, como se di nel, “son como unha pequena viaxe á guarida onde se refuxian sentimentos abisais que saen á luz esporadicamente. Son como pequenas pingas de alma da cor do xeo caendo xordas entre a néboa dos días”. Amante dos animais e de Valdeorras –Paulo sempre recorda con cariño o IES Martaguisela, do que foi profesor-, escribe poesía desde os dezaseis anos. Unha poesía chea de sensibilidade e sentimento. Boa lectura para as noites do verán este Plutón.

Collemos a alumnado e profesorado a pé de aula para pedirlle que nos aconsellasen un libro, unha película e unha canción para este verán. Calquera momento que inclúa algunha destas tres recomendacións sempre será un bo plan! Aí van!

LIBRO	PELÍCULA	CANCIÓN
<i>Sin noticias de Gurb</i> de Eduardo Mendoza	<i>El bosque animado</i> de José Luis Cuerda	
<i>El nombre de la rosa</i> de Umberto Eco	<i>El club de los poetas muertos</i> . Peter Weir	<i>Hotel California</i> . Eagles
<i>Wilt</i> de Tom Sharpe	<i>Atrápame si puedes</i> . Steven Spielberg	<i>Un millón de amigos</i> . Roberto Carlos
<i>Cien años de soledad</i> de Gabriel García Márquez	<i>El editor de libros</i> . Michael Grandage	<i>Yesterday</i> . The Beatles
	<i>El discurso del rey</i> . Tom Hooper	
	<i>El libro de la selva</i> . Jon Favreau	
<i>Luces de bohemia</i> de Valle Inclán	<i>Marnie la ladrona</i> . Alfred Hitchcock	<i>Wish you were here</i> . Pink Floyd
<i>Crónica de una muerte anunciada</i> de Gabriel García Márquez	<i>Bailando con lobos</i> . Kevin Costner	<i>La chica de ayer</i> . Nacha Pop
<i>Flipando en colores</i> . Eto Mori	<i>Braveheart</i> . Mel Gibson	<i>Despacito</i> . Luis Fonsi
	<i>Memorias de África</i> . Sydney Pollack	
	<i>El lector</i> . Stephen Daldry	<i>Paradise</i> de Coldplay
<i>El gran Gatsby</i> . Baz Luhrmann	<i>Un cadáver a los postres</i> . Robert Moore	<i>Stressed out</i> . Twenty One Pilots
<i>El juego de pensar</i> . Cristina Núñez	<i>Coach Carter</i> . Thomas Carte	<i>We are the champions</i> . Queen
<i>Os papalagi de Tiavi de Tiavea</i> . Erich Scheurmann	<i>Baaria</i> . Giuseppe Tornatore	<i>Solo te pido</i> . Manolo Escobar
<i>La invención de Morel</i> de Bioy Casares		
<i>La casa de los espíritus</i> de Isabel Allende	<i>Tomates verdes fritos</i> . Jon Avnet	<i>Lucía</i> de Serrat
<i>Del color de la leche</i> . Nell Leyshon	<i>El Gatopardo</i> . Luccio Visconti	<i>Satisfaction</i> . The Rolling Stones
<i>Memorias dun neno labrego</i> de Neira Vilas	<i>Sempre Xonxa</i> . Chano Piñeiro	<i>Aí vén o maio</i> , de Luis Emilio Batallán
<i>Follas novas</i> de Rosalía de Castro	<i>Vilamor</i> . Ignacio Vilar.	<i>Adiós ríos, adiós fontes</i> , de Amancio Prada
<i>A memoria da choiva</i> , de Pedro Feixoo	<i>A esmorga</i> . Eduardo Banco Amor	<i>Campanas de Bastabales</i> , de Amancio Prada
<i>Poesía última de amor e enfermidade</i> de Lois Pereiro	<i>A lingua das bolboretas</i> . José Luis Cuerda	<i>O carro</i> , de Fuxan os Ventos
<i>Si Beethoven pudiera escucharme</i> . Ramón Gener	<i>El viaje de Chihiro</i> . Hayao Miyazaki.	<i>Bohemian Rhapsody</i> . Queen

Quen é quen?

Adriana e Inés propóñennos un xogo de adiviñas, debuxaron a case todos os profesores que lle deron clase este curso máis algún que outro infiltrado. Para axudarvos, a cada un deles correspóndelle unha frase que os caracteriza. Sabedes de quen se trata?



(Frases que acompañan aos debuxos)

- 1- Teño que apagar as luces? 2- Veña oh... 3- Chicle á papeleira! 4- " 5 burpees" 5- Inspiración de pescozo. 6- There 's an examm... 7- Non vos pelexedes todos á vez 8- Non sei se me explico... 10- Para clase! 11- Estás de acordo? 13- Descansamos? 14- Imos alá!

LES CRÊPES

INGRÉDIENTS

- * 250 g de farine.
- * 2 oeufs.
- * 25 cl de lait.
- * 25 cl de eau.
- * 2 cuillères à soupe d'huile.
- * 1 petite pincée de sel.

PRÉPARATION DE LA RECETTE

Mélanger de farine et les oeufs, puis ajouter petit à petit le lait et l'eau.

Bien mélanger pour ne pas avoir de grumeaux.



María Santos 2º B Esther Pousen 2º B

Ao rico postre francés!

Alumnado de 2º ESO B

Os alumnos e alumnas de 2º B tiveron unha clase de francés "deliciosa", buscaron e redactaron, receitas típicas da repostería francesa e ademais prepararon algunhas para compañeiros e profesores! Podemos confirmar que estaban exquisitesitas! Merci!


E para que vos animedes a facelas vós mesmos aquí deixamos dúas sinxelas receitas, pero non por iso menos sabrosas.

Adriana y Inés

Coulants


Ingredients

- 80g de beurre
- 30g de chocolat
- 50g de farine
- 100g de sucre
- 3 oeufs



Préparation de la recette

- Faire fondre au bain marie le chocolat puis le beurre en fouettant doucement.
- Ajouter le sucre les oeufs, et la farine.
- Verser dans des caillottes à tartre ou des petits moules.
- Faire cuire à four chaud pendant 6min.
- Servir avec une crème anglaise ou de la glace.



IN MEMORIAM

Marisa Rodríguez Álvarez (Profesora de Xeografía e Historia)

Marta Cortés, profesora de Música



Hai tempo, unha alumna deste instituto cursaba 1º de BUP (o equivalente ao 3º de ESO), xa tiña moi claro que lle gustaban as materias de "letras", en especial todas aquelas que trataran de feitos distantes no tempo, por iso non dubidou en apuntarse ás excursións que a profesora de Hª da Arte organizaba, algunhas tardes dos mércores, ao Castro do Viso, no

Larouco. Aquela alumna era eu e a profesora Marisa.

Na aula Marisa nunca sentaba, serena, acostumaba a explicar as cousas con calma pero sen pausa, tiña algo hipnótico no seu ton de voz e unha grande habilidade para explicar claramente os conceptos, sempre desde a honestidade, cun profundo respecto á súa profesión e ao alumado e cun sentido da responsabilidade propio

dunha docente vocacional.

Tanto nas súas clases de arte coma nas proveitosas e interesantes viaxes que fixemos (ela levoume por vez primeira o Museo Nacional do Prado) tiña a sensación de sentirme moi afortunada, e iso que eu descoñecía aínda o alcance da súa influencia inspiradora que tería parte importante na orientación dos meus

estudos posteriores. Ese é o prodixio da docencia, deixar tan fonda pegada que dure por sempre.

Marisa, moi integrada e vinculada a actividades culturais da comarca de Valdeorras, foi amiga da miña familia e véñenme ó recordo moitas xuntanzas, animadas co seu sorriso entrañable, sempre cordial, amable e xenerosa.

Anos máis tarde, polas curiosas piruetas coas que o destino nos sitúa e para fortuna miña, coincidín con ela como compañeira no instituto Martaguisela. Entón comprendín, que non debe haber emoción comparable á que se debe sentir, cando un ex alumno volve das Itacas, cumpridos seus propósitos, grazas en parte ó que aprendeu de ti, artífice importante dos seus éxitos. Así llo manifestei daquela e hoxe fágoo novamente: grazas Marisa.

Deixo aquí , por fermosas e emocionadas, as palabras que a súa familia lle dedicou o día do seu pasamento:

"O ceo alegrárase coa chegada dun anxo.

Aos anxos encantaralles a túa forma de ensinar, Mari."

Joaquín Gómez Fuertes (Administrativo do IES Martaguisela) Adeus compañeiro e amigo

Eduardo Ojea, xefe de Estudos



Escribir. Que fácil e que difícil. Que envexados que saben xuntar palabras, enlazar frases que nos fan rir, chorar, cavar, imaxinar, crer...

Que difícil é querer dicir algo e non ter as verbas axeitadas. Como expresar os sentimentos? Como xustificar os acontecementos? Como imos mirar a un lugar e

non lembrar a quen ocupou ese sitio? Como non lembrar a quen estivo máis de vinte anos con todos nós neste Centro? Como non lembrar a aquel que vos facía as matrículas, cobrávovos as excursións, arbitrábavos ao fútbol sala, aquel que sempre estaba de bo humor, que vos facía sempre algunha graza, aquel home que

sempre estaba.

Como non lembrarnos de Joaquín o administrativo, Joaco para moitos de nós, que nos abandonou para sempre dun xeito moi rápido e inesperado.

Todos ao longo da nosa vida imos deixando pousos que perduran máis ou menos

no tempo. Os que tivemos a honra de coñecer máis de preto a Joaquín, afirmamos sen temor a equivocarnos que foi un grande futbolista, un bo traballador, unha persoa cuns valores importantes, un bo amigo, un bo pai, un bo esposo e un bo irmán. Nunca coñecín a ninguén , nin da súa etapa como futbolista, nin da súa etapa como traballador nin das súas relacións de amizade que quixera mal a Joaco.

A súa vida pódese resumir dicindo que foi unha moi boa persoa. O paso do tempo fará esmorecer paseniñamente a dor da súa perda, pero todos podemos afirmarlle a Alejandro, seu fillo, que tivo en Joaco un pai querido por todos nós e que sentimos non poder estar máis tempo con el.

Ata sempre compañeiro.





Ata o vindeiro curso, bo verán!



Grazas á ANPA pola súa colaboración.